



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 10 DE ABRIL DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación acta anteriores.**
- 2.- **Orzamentos participativos 2013/2014.**
- 3.- **Obras realizadas e obras por realizar.**
- 4.- **Sinais de ceda ó paso ou stop na saída do Escredo e outras.**
- 5.- **Muro caído en Soutoxuste.**
- 6.- **Humidades da casa da cultura.**
- 7.- **Parque infantil Soutoxuste.**
- 8.- **Varios.**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, do día dez de abril de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Fernando Covelo Rodríguez, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- María Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións veciñais
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Xosé Costas Carrera, representante das asociacións culturais
- Josefa Rivas Iglesias (en substitución de Manuel Costas Pérez) , representante das asociacións deportivas
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas

- Fernando Veiga Estévez, representante comunidade de montes incorporase o Consello as 21:00 horas.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Miguel Angel Miguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- **Aprobación da actas anteriores**



CONCELLO DE REDONDELA

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial extraordinario de data 25.09.2013.

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 28.08.2013., indicándose por parte de Anxo Lusquiños López a seguinte corrección na súas intervención citada no punto 12, paragrafo segundo:

Onde dicía: "Anxo Lusquiños López di que esa composición é de hai máis de corenta anos...", debe dicir: ".Anxo Lusquiños López di que esa posición é de hai máis de corenta anos..."

Indicándose por parte de Xosé Covelo Míguez as seguintes correccións nas súas intervencións:

No paragrafo 4º do punto 1 onde di "Xosé Covelo Míguez di que esta solicitude xa se acordara no Consello anterior", debe dicir, "Xosé Covelo Míguez di que esta solicitude xa se acordara no Consello anterior e mesmo o presidente deste foro estaba totalmente de acordo, animando a solicitar esa comparecencia. Non entende a incongruencia declarada co comentario realizado".

No paragrafo 2º do punto 6 onde di "Xosé Covelo Míguez di que no ano 1982 houbo unha clasificación dos montes e a zona do campo non figura como titular a Comunidade de Montes", debe dicir, "Xosé Covelo Míguez di que no ano 1980 houbo unha clasificación dos montes e a zona do campo non figura como titular a Comunidade de Montes".

No paragrafo 2º do punto 12 onde di "Xosé Covelo Míguez di que habería que recortar un pouco o valado onde está a marquesiña para favorecer a entrada no torreiro de Saramago de vehículos de gran tamaño", debe dicir, "Xosé Covelo Míguez di que habería que recortar un pouco o valado onde está a marquesiña para favorecer a entrada no torreiro de Saramago de vehículos de gran tamaño. Comenta que esta é unha petición da representante da veciñal de Saramago que traslada ao consello pois ela non se atopa presente".

Realizadas as correccións indicadas apróbase as actas coa maioría das/os membros presentes.

2.- Orzamento participativos 2013-2014.

O Presidente informa que os traballos relativos os orzamentos participativos do ano 2013 quedaron rematados segundo o prometido coa excepción de un poste mal instalado por parte da información que se lle deu a empresa que realizou a obra.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Miguez di que quedou sen rematar o tramo final.

Pilar Bouzas Novas recorda que queda por cambiar de sitio un dos paneis informativos colocados en Soutoxuste.

O Presidente recorda que para o ano 2014 o porcentaxe dos orzamentos participativos volve a ser do 1% como no exercicio anterior.

José Bernardo Crespo Abal rectifica o dito polo presidente indicando que ese porcentaxe para este ano será inferior o 1% (aportando os presentes copias de un documento explicativo redactado polo grupo político AER da modificación da base 82ª das bases de Execución) o non incluírse para ese calculo as subvencións de capital o que suporá uns 19.000 euros menos a repartir nas parroquias.

O Presidente reclama os asistentes empecen a recoller iniciativas de cara os orzamentos participativos do ano 2014, cita por exemplo os traballos de asfaltado do camiño situado na parte traseira do bar Madis en dirección casa cultural.

Adelina Couñago Lara tamén recorda a posibilidade de estender dito asfaltado (xa comentado o ano anterior) ata o camiño baixada da Peneda.

Soledad Vidal Dasilva propón reformar unha esquina do acceso o torreiro de festas situado na baixa da Peneda así como os arranxos dos camiños da zona da casa cultural. Tamén se reclama a limpeza destes mesmos camiños.

O Presidente di que se acercará co Concelleiro de Vías e obras para estudar as necesidades de esa zona.

Fernando Veiga Estevez recorda a falta de enganche de varias farolas da obra dos Participativos 2013 na estrada da Nogueiriña, tema xa falado co concelleiro de Obras públicas Candido Vilaboa.

3.- Obras realizadas e obras por realizar

O Presidente di que a obra do muro da Nogueira estase tramitando no serv. de contratación do Concello, quedando pendente de realizar unha vez se adxudique a obra. Tamén recorda que o sumidoiro de Saramagoso tamén se esta tramitando no servizo de contratación.

O Presidente pide opinións sobre a idea de desmontar o lavadoiro que se atopa xunto o transformador o lado da Igrexa debido o seu mal estado, e reparar o outro lavadoiro que se atopa máis abaixo.

Adelina Couñago Lara solicita que se conserve o tellado do lavadoiro a desmontar e se coloque no que se vai reparar.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando Covelo Rodríguez pregunta si hai proxecto da obra de sumidoiro en Cadaval

O Presidente informa que se están buscando solucións á saída para dito sumidoiro e se están estudando varias opcións.

Fernando Covelo Rodríguez di que o sumidoiro de Soutoxuste non esta rematado, que hai problemas cos enganches, e que ningún veciño fixo o enganche.

Pilar Bouzas Novas di o respecto que xa realizaron varias reunións entre os veciños da zona polos problemas de deseño de dito sumidoiro

Xosé Covelo Míguez tamén pregunta polo sumidoiro da Nogueira, contestando o presidente que ese tema encontrase en estudio por parte da Concellería de Medio ambiente.

Fernando Veiga Estévez recorda os problemas do sumidoiro o lado das obras do Ave, xa informadas o Concelleiro de Obras públicas.

4.- Sinais de ceda ó paso ou stop na saída do Escredo e outras.

O Presidente informa que se lle comunicou o Concelleiro de Infraestruturas e interior (Arturo González) a necesidade destas sinais, estando pendentes do preceptivo informe da policía local. Unha vez que por parte da policía local se indique a necesidade desta sinais procederase a colocalas.

5.- Muro caído en Soutoxuste.

O Presidente informa que a obra do muro así como o asfaltado desa estrada esta pendente de finalizar cando se realice por parte do veciños as obras de enganche o sumidoiro.

Fernando Covelo Rodríguez di que estas obras por parte dos veciños tardaranse en realizar, porque os problemas de ditos enganches tardarán en solucionarse, pero o muro segue sendo un perigo.

Xosé Covelo Míguez pide que debería valorarse o perigo do muro, por si é pertinente solucionalo antes de esperar a que os veciños realicen os enganches.

6.- Humanidades na casa da cultura.

O Presidente informa que faltan por colocar as gomas de dúas véntanas, estando o resto revisadas; unha vez se remate a reparación das véntanas se pensa impermeabilizar a fachada sur do centro cultural, que é a que da máis problemas.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez pregunta cando se van a realizar os traballos de impermeabilización e si estes traballos garantirán a eliminación das humidades.

Manuel Freire Collazo di que se debe esixir que a empresa que realice esta obra debe dar garantías de este traballo.

7.- Parque infantil Soutoxuste.

O Presidente di que a renovación deste parque esta pendente de realizar dentro de este exercicio.

Manuel Freire Collazo pregunta cando se instalará, que se concreten datas.

M^a Jose Acevedo pide que se realice a instalación antes do inverno.

8.- Varios

Fernando Covelo Rodríguez pregunta que xestións se realizaron para incorporar a pista de futbito da Gandara o Inventario municipal.

O Presidente informa que se realizaron consultas a través da empresa que realizar serv. Catastral no Concello, pero indicaron que non se coñece a titularidade da pista de futbito.

Xosé Covelo Míguez di que en Catastro debe figurar un titular da pista de futbito.

Anxo Lusquiños López recorda de todas formas si se podería colocar unha rede protección na pista de futbito. Tamén pregunta si queda a posibilidade de recuperación de céspede retirado do campo fútbol de Santa Mariña, recordando que na prensa se lee que parte do céspede retirado foi colocado en Vilar, en Chapela e a particulares que o solicitaron.

Anxo Lusquiños López segue preguntando onde se colocou ese céspede.

O Presidente recorda que estamos no Consello parroquial do Viso e iso non corresponde o Viso, pero aínda así que vai contestar.

O Presidente contesta que unha vez se empezou a desmontar o céspede do campo de Sta. Mariña, se corroborou que non era recuperable. O primeiro que solicitou dito céspede foi o Fútbol club Chapela, que solicitou 3200 m², estando este céspede na actualidade pendente de instalar ata que rematen unhas obras de acondicionamento, sendo transportado polo seus propios medios. O resto gardouse en Vilar e utilizarase posiblemente para unha zona detrás dos vestiarios do campo de Santa Mariña. O céspede restante foi repartido pola



CONCELLO DE REDONDELA

empresa que realizaba as obras, previa consulta o Concelleiro de Deportes, estando este último xa en moi mal estado.

Anxo Lusquiños López indica que se debeu falar este tema en anteriores Consellos parroquiais para ter opción a instalalo no campo de fútbol xa mencionado en actas do ano 2012.

O Presidente di que inicialmente pensaba que dita pista era de propiedade municipal, pero decatándose con posterioridade que casi ningunha das pistas de fútbol do municipio constan no Inventario municipal.

Xosé Covelo Míguez acaba pedindo que se continúe coa investigación da titularidade do campo de fútbol da Gandara.

O Presidente di que se xestionou co departamento de urbanismo para que lle aclaren a titularidade das pista de fútbol e aínda non foi aclarado.

Fernando Covelo Rodríguez pregunta si se fixo algunha xestión para a adquisición de terreos para mellorar a saída do colexio de Cesantes.

O Presidente di que a Concelleira de ensino (Teresa Paris) esta realizando xestión para adquirir terreos na parte inferior do colexio; tamén indica que se fixeron xestión para que a Deputación Provincial informe sobre outros terreos expropiados e lindantes coa saída do colexio.

Xosé Covelo Míguez pregunta polos pasos de peóns e sinalización comprometidos pola Deputación Provincial.

Fernando Covelo tamén pregunta pola antiga escola de Soutoxuste, para estudar a posibilidade da súa reconstrución para fins veciñais. Se non fora posible a súa reconstrución pide que se inicie o tramite para execución deste terreo para outros fins.

O Presidente recorda que xa se celebraron varias reunións cos veciños para tratar este tema. Comentóuselles os veciños que si atopaban outro terreo ou local, o Concello se comprometería a axudar nos seus inicios.

Xosé Covelo Míguez di que non ve lóxica que unha parroquia coma esta do Viso se chegue a atopar con 4 centros veciñais.

Soledad Vidal Dasilva di que si este tema se leva a cabo eles serían os seguintes en pedir un local para reunirse ou celebrar actividades.

Manuel Freire Collazo recorda a solicitude de contedores para pilas na Nogueira e outras zonas do Viso.

O Presidente informa que por parte da Concellería de Medio ambiente estanse barallando distintas opcións para colocar ditos contedores.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo recorda que derivado da reunión anterior que se celebrou na casa da cultura referente o reciclaxe de aceites usados, organizada pola empresa Urbaser, solicitouse ideas para colocar un só contedor de aceites usados na parroquia, acordándose por la maioría dos asistentes como lugar ideal a zona do restaurante Casas. Indicase por parte da maioría dos asistentes que non recibiron notificación ou aviso algún de dita reunión.

Manuel Freire Collazo recorda tamén que se realizou un cambio de tellado na marquesiña da Nogueira, queixándose de que aínda así segue tendo goteiras e ten unha chea de buracos. Pregunta si se vai resolver este problema. Tamén di que se lle recorde o Concelleiro de Medio ambiente o tema da poza que se encontra ao carón dos terreos de ADIF, sendo pública. Tamén solicita a colocación dun espello no camiño que vai da Nogueiriña o cruce de Cadaval.

Pilar Bouzas Novas pregunta polo destino do 1% cultural que debe repercutir na parroquia.

Xosé Covelo Míguez pregunta o respecto si se realizou unha avaliación por parte do Concello para zonas BIC, xa comentado en Consellos anteriores.

Fernando Veiga Estévez solicita a catalogación da casa da cultura (antigo preescolar do Viso) como zona BIC por ter máis de 100 anos.

Xosé Covelo Míguez informa de que levantou o asfalto no camiño de baixa da Gandara, para que poida solucionar cantos antes; di que xa llo comunicou o concelleiro de Obras públicas. Tamén solicita a limpeza do camiño do Turil e que se lle vote xabre para adecentalo.

As 22:25 horas deixa a reunión a representante das asociacións deportivas. (Josefa Rivas Iglesias).

Xosé Covelo Míguez pregunta pola non celebración de reunión do Consello parroquial solicitada en Decembro/2013 (como indica o Regulamento).

O Presidente reconece a tardanza da celebración do Consello parroquial, motivado pola complicación que supuxo a realización dos orzamentos participativos a final de ano e agradece a colaboración nos mesmos dos distintos membros deste consello.

Xosé Covelo Míguez di que a tardanza na convocatoria do Consello repercute negativamente na resolución de asuntos que non teñen que realizarse como orzamentos participativos. Elude como exemplo que esta tardanza as información publicadas na prensa relacionadas coa A59 e que poden repercutir na parroquia; debéndose nestes casos celebrar sesións extraordinarias para tratalos en tempo e forma.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa os presentes da moción presentada pola Federación de Asociacións de Veciños, consumidores e usuarios San Simón de Redondela sobre a modificacións dos consellos parroquiais e o seu regulamento, aprobada no Pleno do 27.03.2014.

Anxo Lusquiños López pregunta pola distribución das ludotecas para semana santa, e porqué non se inclúe nas mesmas a parroquia do Viso, reiterando o falado en anteriores consellos parroquias deste tema.

O Presidente dí que este tema e competencia da Concelleira de Ensino, serv. Sociais e igualdade (Teresa Paris), e que ela decide nas súas areas de decisión segundo o crédito orzamentario do que dispón.

José Bernardo Crespo Abal pide que se aclaren os criterios para a selección de parroquias onde se celebran as ludotecas de semana santa; tamén apoia esta petición Anxo Lusquiños López.

Solicitándose pola maioría dos presentes a celebración de ludotecas na parroquia do Viso.

Alberto Couñago Castellano pregunta como esta o proxecto da apertura e asfaltado do Camiño do Valdravon; que se lle recorde o Concelleiro de Obras públicas o tema do camiño do monte da Nogueira, así como recordar o tema do asfaltado dos 100 metros do camiño próximo a súa casa. Tamén avisa da necesidade arranxar un bache xurdido no Camiño do Casal do Viso.

María José Acevedo Santoro recorda da grande distancia que xorde nos fins semana coas farmacias de garda, e onde se debe solicitar para que cambien a distribución e o nro. farmacias de garda.

José Bernardo Crespo Abal di que a través de AER xa se solicitou do colexio de farmacéuticos cambios neste sentido, pero contestando negativamente.

O Presidente recorda que o próximo consello parroquial celebrarase a finais de Xuño aproximadamente e comprométese a responder por correo electrónico, si eles queren, a calquera dos temas tratados na sesión de hoxe antes da celebración do mesmo.

O Presidente tamén informa que o Alcalde foi a Madrid a falar coa ministra de Fomento en relación as variantes da A59, entre outros temas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.